

Todo isto tes coa túa cota de afiliación

Xesús Castro Baamonde

Secretario nacional de Servizos á Afiliación de CCOO de Galicia

O obxecto deste artigo é dar a coñecer e achegar os servizos que CCOO presta á afiliación. Como afiliado ou afiliada, debes saber que a túa cota sindical che ofrece moitas vantaxes, ademais de ser o principal medio de soste o sindicato.

A cota dedúcese na declaración da renda

Lembra que a cota de afiliación a CCOO é un gasto que podes deducir cando realices a declaración anual da renda, tal como marca a lei do IRPF. Isto pode supor, segundo os casos, un aforro na cota de entre o 20 e o 35 %.

En cumprimento da Lei de protección de datos, o importe da cota non aparece por defecto no borrador que che remite a Axencia Tributaria, senón que debes indicala no espazo reservado a «cotas satisfeitas a sindicatos» (casa 012 do impreso oficial do IRPF). Os xustificantes son os mesmos recibos bancarios ou de nómina que xa tes.

Coa cota tes maior seguraza

Por outra parte, se tes as cotas ao día tamén vas ter maior seguraza: levar máis dun ano ao corrente do pagamento das cotas dáche dereito a un seguro de accidente. Ademais, se es delegada ou delegado LOLS, logo da solicitude tes un seguro de accidente que te protexe durante a túa actividade sindical.

Servizos xurídicos

Coas Comisións Obreiras de Galicia dispós dun servizo xurídico composto por doce avogadas e avogados e cinco graduadas e graduados sociais. Este servizo préstase nas distintas unións comarcais do sindicato e para contactar con el só tes que acudir aos nosos locais.

CCOO ofrécelles aos seus afiliados e afiliadas bonificacións no uso dos servizos xurídicos, que poden supor desde grandes descontos ata a gratuidade, sempre en función da antigüidade na afiliación.

Saúde laboral

A Secretaría de Saúde Laboral do sindicato, a través do Gabinete de Saúde Laboral (GSL), ofrécelles aos delegados e delegadas de prevención o soporte técnico para mellorar as condicións de traballo, a protección ambiental e a promoción da saúde dos traballadores e traballadoras.

O GSL realiza traballos de asesoramento e informes técnicos en todas as materias relacionadas con este eido. O departamento está composto por técnicos e técnicas cunha grande experiencia. Podes contactar con estes profesionais achegándote ou contactando cos locais de CCOO en Ferrol (Susana Martínez), Santiago de Compostela (Manuela Caneda) e Vigo (Arsenio Rodríguez).

Ofertas e descontos para as persoas afiliadas

Como afiliado ou afiliada, CCOO pon ao teu dispor servizos dos que podes gozar en calquera punto da xeografía española, sobre todo no relacionado co ocio, o consumo, o turismo e o tempo libre. Tes máis información no portal confederal de servizos (<http://servicios.ccoo.es>).

Cotas mensuais vixentes

- Cota xeral reducida: 11,50 euros mensuais. Aplicable a persoas con retribucións e prestacións brutas entre o 135 % e o 235 % do SMI (13375 a 23283 euros)
- Cota xeral ordinaria: 12,60 euros mensuais. Aplicable a persoas con retribucións brutas superiores ao 235 % do SMI (23283 euros anuais).
- Cota xeral de pensionistas e xubilados: 9,95 euros mensuais. De aplicación para persoas en situación de pensionistas ou xubiladas con retribucións brutas anuais a partir de 13375 euros.
- Cota especial: 7,10 euros mensuais. Aplicable a persoas con retribucións, ingresos ou prestacións brutas superiores á RMI (6152 euros) e inferiores ao 135 % do SMI (13375 euros anuais).
- Cota superreducida: 3 euros mensuais nun único recibo anual. Aplicable a persoas que non perciban ingresos e ás que perciban retribucións ou prestacións en contías brutas iguais ou inferiores á RMI. Aplicable tamén ás persoas menores de trinta anos á procura do primeiro emprego ou que leven máis de seis meses en situación de simpatizante. Esta cota é revisable anualmente.
- Cota militante: 16,50 euros mensuais. É unha forma de cota voluntaria.